



Era un carneiro e mailo gható, o gható comeu unha vara de chourizos e o carneiro comeu unha veigha de trigo. E despois-e xuntáronse os dous e díxolle un:

- Eu tou en pecado mortal. – díxolle o gható ao carneiro.
- Por qué? – díxolle o carneiro.
- Porque comín unha vara de chourizos.
- Ai, Pois eu comín unha veigha de trigo.
- Pois támoslos dous en pecado mortal, haimonos que ir confesar.

Fóronse confesar e o cura díxolle:

- Non hai perdón pa vós. – Díxollo a cada un solo, bueno. Bueno, o pecado o gható.
- Non hai perdón pa ti, tes que ir a Roma a pedir perdón ao Padre Santo.

E foi o carneiro e díxolle o mesmo. E marcharon os dous a peregrinar a Roma e encontráronse. E díxolle o gható ao carneiro:

- Pa onde vas, Perico?
- Vou a Roma que mira o que me pasou que comín unha veigha de trigo e aghora non teño perdón. Teño que ir a Roma pa que me perdone o Padre Santo.
- Pois eu tamén che vou que comín unha vara de chourizos e tamén vou coa mesma ruta. Vamos a pedir perdón logho os dous ao Padre Santo.
- Pois vamos xuntos.
- Pois vamos.

E foron xuntos e chegaron alá ao monte e encontraron unha cabeza dun lobo. E díxolle o gható, que o gható era máis listo ca o carneiro, e o carneiro era máis ghrande. E díxolle:

- Perico, colle esa cabeza e métea na alforxa. O lobo, que aínda nos pode ser boa.

E colleuno e marchou coa cabeza dun lobo. E chegaron a unha casa alá lonxe e era a casa dos lobos e pediron permiso, pousada porque era de noite e cansábanse. E salíronlle con que eran lobos todos. E entonces estaban na hora de cenar e os lobos estaban todos contentos porque tiñan carne. Pero para aquel día aínda tiñan comida e iban cenar primeiro, despois xa arreglarían a eles. Pero díxolle o... de momento... que despois tamén colle o gható e díxolle ao carneiro.

- Mira, esto... Sácalle aquí que nos tamén temos aquí algo de comer. E sácalle aquí o que tes aí pa o postre.

E os lobos ao que viron a cabeza do lobo escaparon a cien. Porque conforme lle fixeron a este lobo tamén nolo poden facer a nós. E deixáronlle a casa por donos ao gható e máis ao carneiro. E o gható estaba tras da cociña lavándose e o carneiro estaba así... taba durmindo e taba así... E entonces foron uns poucos lobos a mirar que facían e taban así. E despois cheghou onda aos outros e dixéronlle así:



- Pois mirade e o señor abade - chamábanlle ao ghato.- taba decindo “como vos pillar, pille... como vos pillar pille...” e o sancristán dille “neghro deles, neghro deles.” Dille así “neghro deles”.

Bueno o caso é que despois alá cando lle pareceu foron para a cama e a cama eran as vigas. O ghato nunha vigha e o carneiro noutra. E díxolle o carneiro ao ghato:

- Eu teño... Teño ghana de mexar.

E díxolle o ghato:

- Pois mira ponte coa barrigha pa arriba e mexas por alá.

E poñéndose así, taban os lobos todos na corte, e poñéndose así caeron enriba dun lobo e meteulle os cornos nos ollos. E empezan a escapar os lobos, escaparon os lobos porque era esto... Era o demo que andaba con eles.

E acabouse.

- Pero así non se di, dille o remate: “E colorín colorado este cuento se ha acabado.”